

Unha ilusión cumprida

Érase unha vez seis rapaces que lles apaixonaba a música, por iso decidiron formar un grupo tradicional galego. Pouquiño a pouco ao longo dos meses foron inventando cancións feitas por eles mesmos, tamén decidiron elixir o nome do grupo que sería: “Os Bodeguillas”. Todas as semanas dedicaban un día de ensaio para mellorar as cancións. Ensaibaban nunha pequena bodega do pobo, (que lle tiñan moito cariño).

A xente non apostaba nada por eles, porque pensaban que non ían chegar nada lonxe, pero eles nunca se renderon, dicían:

Sempre aí que intentalo non perder a oportunidade.

Un día de primavera un home da cidade foi o pobo e escoitou entre risas e instrumentos unhas melodías preciosas, que lle encantaron tanto que decidiu petar na porta da bodega, o home tivo unha charla con eles e comentoulles que el cando era novo sempre lle gustou a música, pero nunca tivo a posibilidade de tocar algún instrumento. Despois dun bo rato falando, o home díxolle que pronto ía a ser a festa do pobo da súa muller e que lle gustaría que foran a tocar unhas pezas, eles o oír as palabras do home quedaron asombrados porque era a primeira vez que os contrataban a algunha festa, dixeron que encantados que irían sen problema.

Uns días despois... chegou o GRAN DÍA hoxe ían a tocar a súa primeira festa. Todas as persoas recibíronos con moito agarimo, cunha longuíssima mesa de pinchos e bebidas de todo tipo, cando chegou a hora de empezar a tocar, a xente o escoitar a primeira canción gustoulle tanto que empezaron a bailar ata que o corpo non aguantou máis. O home, a súa muller e a xente do pobo quedou moi agradecido cos “Bodeguillas”. A partir de agora naide se queixaba nin dicían queixas sobre eles, todo o contrario estaban encantadísimos do ben que o facían.

Uns anos despois... Sacaron un disco de cancións en galego versión moderna. Saliron no periódico como; “Os Bodeguillas” o mellor grupo da comarca ata agora.

Por iso persigue os teus soños, ata conseguilos.

FIN

Amelia Pérez Busto